



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E A FEDERACIÓN GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS (AJE GALICIA) PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE APOIO AO EMPRENDEMENTO

R E U N I D O S

Dunha parte, Fernando Guldrís Iglesias, en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica, en diante Igape, con NIF Q6550010J, e con domicilio social en Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro, s/n. 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade de director xeral. Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do presidente do Igape feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

Doutra parte, Luciano Covelo Fandiño, na súa calidade de presidente da Federación Galega de Xoves Empresarios (en diante, AJE GALICIA) con domicilio social en Rosalía de Castro 1, Centro de Negocios Santiago LC2 15706 Santiago de Compostela e NIF G27390566, con facultades para o outorgamento do presente documento en virtude dos artigos 18 e 20 dos vixentes estatutos de AJE GALICIA.

Recoñécense reciprocamente competencia xurídica suficiente para subscribir o presente convenio e polo tanto,

M A N I F E S T A N

- I. Que o Igape é a axencia de desenvolvemento rexional de Galicia cuxa natureza xurídica é a de ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios. Entre os seus obxectivos están os de fomentar a creación de novas empresas e facilitar servizos de asesoramento, planificación, xestión, financiamento, formación, localización, seguimento e, en xeral, calquera outro que poida contribuir á creación e desenvolvemento das empresas e a mellora do sistema produtivo galego. Asemade, a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, establece que o Igape terá a consideración de entidade instrumental do sector público autonómico con competencias en materia de emprendemento.
- II. AJE GALICIA é unha entidade sen ánimo de lucro de carácter multisectorial, constituída o 28 de novembro de 2008. É unha federación das Asociacións de Jóvenes Empresarios de Galicia (AJE A Coruña, AJE Ferrolterra, AJE Pontevedra, AJE Vigo, AJE Lugo e AJE Ourense) con ámbito de actuación nas catro provincias galegas. Integra ao colectivo de empresarios menores de 40 anos de todos os sectores de actividade e é a primeira e única entidade galega recoñecida a nivel nacional que agrupa e defende os intereses dos novos empresarios e emprendedores galegos. Ten o respaldo da CEAJE (Confederación Española de Asociacións de Jóvenes Empresarios) e da CEOE (Confederación Española de Organizaciones Empresariales). Agrupa a 1.413 empresas de toda Galicia que xeran preto de 7.000 empregos directos.
- III. Os fins de AJE GALICIA son:
 - Representar, defender e promocionar os intereses xerais e comúns dos seus membros (económicos, sociais, profesionais e culturais) ante toda clase de persoas e entidades, públicas ou privadas.
 - Programar as accións necesarias para conseguir melloras sociais aos seus emprendedores e novos empresarios.
 - Captar, fomentar, promover e desenvolver vocacións empresariais entre os mozos.
 - Fomentar, axudar, desenvolver e apoiar proxectos empresariais.



- Impulsar a igualdade de oportunidades no mundo empresarial entre ambos os sexos e fomentar a creación de empresas por parte da muller.
- Servir de canle de comunicación entre empresas co fin de crear redes de mercado propias.
- Proporcionar aos seus asociados os servizos de formación, asesoramento, información e instalacións.
- Establecer e prestar os servizos de interese común ou específicos que requiran os seus membros, fomentando a solidariedade entre eles.

IV. Para a consecución dos seus fins AJE GALICIA ofrece, entre outros, estes servizos, para os que conta con equipos directivos e persoal técnico profesionalizados, con preparación especializada e experiencia no ámbito da actividade emprendedora:

- Asesoramento técnico empresarial para a creación de empresas.
- Asesoramento para a procura de financiamento en condicións preferentes, así como información de axudas.
- Posibilidade de acollerse a calquera dos convenios que AJE Galicia ten subscritos con distintas entidades públicas e privadas.
- Realización de proxectos de cooperación e formación con empresas pertencentes ao colectivo.
- Participación en encontros comerciais: Networking empresarial.
- Contacto e intercambio de experiencias con outros empresarios emprendedores.
- Facilitar sinerxías dentro do colectivo para o desenvolvemento e consolidación das empresas.

Dada a converxencia entre os seus obxectivos e fins, ambas as súas partes están interesadas en asinar o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

C L A Ú S U L A S

1. OBXECTO

Constitúe o obxecto xeral deste convenio a colaboración para o desenvolvemento por parte de AJE GALICIA de actividades e programas específicos de apoio ás persoas emprendedoras que complementen, potencien ou reforcen as actividades do IGAPE neste eido durante o período 2021-2022, na procura de sinerxías que teñan un efecto multiplicador dos recursos públicos destinados ao efecto. En particular:

- Asesoramento e titorización para a creación de empresas.
- Formación específica para fomento do emprendemento e dinamización do rural.
- Formación específica para autónomos
- Actividades de networking
- Congreso Joven Empresario

O detalle polo miúdo de actividades e programas especificase no anexo I a este convenio.

2. IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA

De acordo ao indicado no expositivo desde convenio, polo nivel de representatividade que AJE GALICIA ten no novo empresariado galego, pola súa implantación xeográfica, polo seu carácter multisectorial, polo perfil das empresas e emprendedores aos que atende, pola capacitación e experiencia dos seus equipos directivos e persoal técnico, pola súa especial atención ás necesidades específicas das iniciativas novas, pequenas, e innovadoras, que non están suficientemente significadas noutras organizacións e pola súa solvencia e eficacia na organización e implementación de numerosas e diversas actuacións desenvolvidas nos últimos anos no eido da actividade emprendedora, considérase que non existe outra entidade que cumpra estes requirimentos no eido do emprendemento e que garanta a realización do seu obxecto.



3. COMPROMISOS E OBRIGAS DE AJE GALICIA

- a) En termos xerais, de xeito conxunto co IGAPE, organizar, coordinar e desenvolver as actividades necesarias para a execución das actividades e programas descritos no anexo I cos seus propios medios ou contratando os servizos e subministros necesarios para levalas a cabo.
- b) AJE GALICIA achegará a documentación xustificativa que acredite a realización e pago das actividades, así como os informes de participación e demais documentos relativos ás persoas emprendedoras e/ou empresas participantes que, de ser o caso, sexan requiridos polo IGAPE aos efectos da correcta xustificación do desenvolvemento das actividades e programas.
- c) AJE GALICIA difundirá a colaboración do IGAPE en todo tipo de publicidade, información e material relativo á execución das actividades e programas, con suxeición ás normas sobre imaxe corporativa indicadas polo IGAPE.
- d) AJE GALICIA subministrará toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.
- e) AJE GALICIA manterá á disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.
- f) AJE GALICIA someterase á inspección e control do IGAPE co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades e programas previstos e que permitan a xustificación administrativa e financeira das mesmas.
- g) Correrá a cargo de AJE GALICIA contratar os formadores, proporcionar instalacións, achegar o material e equipamento necesario, así como a difusión e organización necesarios para o desenvolvemento das actividades e programas obxecto do convenio.

4. FINANCIAMENTO

O orzamento máximo do convenio ascende a 103.320 euros.

O Igape achegará o 80% custo das actuacións previstas no presente convenio ata un importe total máximo de 82.656 euros segundo a seguinte distribución por anualidades:

2021	31.244 €
2022	51.412 €
Total	82.656 €

Esta cantidade será aboada con cargo á partida 06.A1.741A.6402 dos orzamentos do Igape para os anos 2021 e 2022, na que existe crédito adecuado e suficiente para financiar esta achega, sendo a fonte de financiamento a de fondos propios libres. O anexo II "Memoria Económica" detalla esta contribución.

AJE GALICIA achegará o 20% en forma de gastos de persoal da AJE GALICIA ou das AJE territoriais e gastos externos. AJE GALICIA non poderá obter ningún ingreso das persoas ou entidades que participen nas actividades e programas obxecto deste convenio. Poderá obter axudas, subvencións ou outros ingresos públicos



ou privados para as mesmas actividades sempre que o seu importe engadido ao cofinanciamento do Igape non supere o 100% do custe da actividade ou programa. De producirse ese caso, o cofinanciamento do Igape reducirase ata axustar a financiación ao 100% do custo.

5. GASTOS ATENDIBLES

a) Serán atendibles os gastos de contratacións externas e os de persoal propio de AJE Galicia e das AJE territoriais integradas directamente relacionados coa realización das actividades e programas obxecto do convenio.

b) Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas a partir da data da sinatura do convenio e ata o 15 de novembro de 2022.

c) Será obrigatorio presentar 3 orzamentos previos para todos aqueles gastos de importe igual ou superior a 15.000 € + IVE e xustificar a selección do provedor en caso de non escoller o máis económico. Estas ofertas deben atender o ao artigo 23 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, respecto da prohibición de presentar ofertas de empresas vinculadas.

d) No caso de que AJE GALICIA subcontracte en máis do 50% a prestación dalgún dos servizos financiados con cargo ao orzamento desde convenio, será necesario que teña autorización previa de forma expresa polo IGAPE a proposta da Comisión de Seguimento prevista na cláusula 8 deste convenio.

e) O imposto do valor engadido (IVE) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

6. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O IGAPE abonará o importe do cofinanciamento logo de que AJE GALICIA xustifique os gastos realizados. Estas xustificacións deberán ser trimestrais e presentaranse dentro dos 10 días seguintes á finalización do trimestre natural agás a do último de trimestre de 2021, que terá que presentarse o 15 de novembro de 2021 como data límite, e a derradeira xustificación, que terá que presentarse o 15 de novembro de 2022 como data límite.

A xustificación componse da seguinte documentación:

1. Solicitud de cobramento.
2. Memoria de execución das actividades realizadas, resultados obtidos e as incidencias máis significativas e do cumprimento das condicións impostas neste convenio.
3. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterà:
 - a) Relación clasificada dos gastos atendibles para cada actuación, con identificación do acredor e do documento, concepto, importe, data de emisión e data de pago.
 - b) Xustificación dos gastos atendibles: facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación clasificada dos gastos. No caso de que os gastos sexan de persoal que participase nas actividades obxecto deste convenio, deberanse presentar as nóminas e os comprobantes do seu pagamento, dos ingresos a conta do IRPF e da cotización á Seguridade Social, así como un informe de dedicación deste persoal ás actividades e programas do convenio. Non obstante, os xustificantes do pagamento das retencións do IRPF e das cotizacións á Seguridade Social dos derradeiros períodos cuxo prazo regulamentario de ingreso sexa posterior á finalización do correspondente período de xustificación do convenio, deberán presentarse durante o primeiro mes do ano seguinte.
 - c) Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
 - d) Xustificación, no seu caso doutros ingresos obtidos para financiar a actividade.



- e) Cando o importe do gasto atendible (agás os de persoal) sexa igual ou 15.000 € + IVE, as tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, e xustificar a selección do provedor en caso de non ser o máis económico.
- f) Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas que acrediten que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, ou autorización para que o Igape realice estas consultas polos seus propios medios.
- g) Declaración expresa de que as persoas ou entidades contratadas ou subcontratadas para as actividades subvencionadas non están vinculadas con AJE GALICIA.
- h) No caso de incluír o IVE como gasto atendible, certificación da exención expedida pola Axencia Tributaria ou, no caso de estar suxeita a pro rata, declaración anual de IVE do exercicio anterior (modelo 390) onde se poida comprobar a porcentaxe de pro rata aplicada.
- i) Cadro de indicadores segundo modelo que se inclúe como anexo III.
- j) Calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.
- k) A documentación dos apartados a), b), c) e d) poderá ser substituída por informe de auditor de contas inscrito no ROAC

En todo caso, o IGAPE resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa para acreditar a realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

7. APROVEITAMENTO DE RESULTADOS

As partes asinantes conveñen en permitir a explotación conxunta polas outras partes, directa ou indirectamente, dos resultados das actividades do Convenio, isto é, informes, traballos, aplicacións informáticas, webs, logos e en xeral calquera instrumento obxecto de propiedade intelectual que sexa desenvolvemento directo das tarefas e actividades obxecto do presente convenio.

8. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Establécese una Comisión de Seguimento composta polo director xeral do IGAPE, que exercerá de Presidente e o presidente da AJE GALICIA e, como mínimo, por dous vogais adicionais, un por cada unha das dúas institucións.

Estes vogais poderán ir variando, en persoa e número, en función da temática para tratar en cada unha das reunións da Comisión.

Pola súa banda, tanto o Director do IGAPE como o Presidente da AJE GALICIA, poderán delegar a súa asistencia e voto na persoa que cada un deles designe.

Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio. A Comisión de Seguimento reunirse a instancia de calquera das partes asinantes.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

9. PUBLICIDADE

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o IGAPE e a



Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicarán no Diario Oficial de Galicia, no Portal de transparencia e Goberno aberto e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao abeiro deste convenio e a entidade destinataria desta, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do IGAPE aos órganos competentes da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

10. MODIFICACIÓNS

Calquera modificación nas actuacións recollidas neste convenio deberá ser proposta por unha das partes, directamente ou a través da comisión de seguimento, e formalizarse a través da subscripción da correspondente addenda. En ningún caso poderá supoñer un incremento do orzamento.

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

11. RESOLUCIÓN

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando conorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

12. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPD) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de decembro), IGAPE e AJE GALICIA adquiren a condición de encargados do tratamento e comprométese a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución do convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.



- Ao termo da relación por calquera causa, os datos de carácter persoal incluídos en calquera soporte aos que tivesen tido acceso as partes deben ser destruídos.

O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

13. RESPONSABILIDADE

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e o IGAPE, de tal xeito que non se poderá esixir a este Instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

14. AUTORIZACIÓNS

AJE GALICIA consente expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Iázaros s/n, 15703 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese a autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao Diario Oficial de Galicia e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización ao IGAPE para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, no caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta polo IGAPE e non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo IGAPE, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

15. VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e a súa duración será ata o 30 de decembro de 2022, sen prexuízo de que os gastos atendibles deberán estar realizados no período o comprendido entre a data de sinatura do convenio e o 15 de novembro de 2022, data na que deberán estar realizados todos os eventos programados ao abeiro do convenio. O convenio poderá ser prorrogado, previo acordo das partes, por un período máximo de tres meses.

16. NATUREZA E XURISDICCIÓN

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade con seu artigo 6.2, e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e a interpretación que das mesmas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable, aplicándose os principios da Lei 9/2017 para resolución de dúbidas e lagoas que puidese presentarse.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN



As partes comprométese a resolver de común acordo calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

En caso de conflito as partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

17. NORMATIVA APLICABLE

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 (DOG do 30 de abril), sobre subscrición dos convenios de colaboración con particulares que outorguen as Consellerías da Xunta de Galicia, os Organismos Autónomos ou Entes de dereito público da Administración Autonómica, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006 do 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Será tamén de aplicación o disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, polo que se regulan os convenios do sector público.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio o 11 de maio de 2021.

Polo **INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA (IGAPE)**

Pola **FEDERACIÓN GALEGA DE XOVES
EMPRESARIOS (AJE GALICIA)**

Fernando Guldrís Iglesias
DIRECTOR XERAL

Luciano Covelo Fandiño
PRESIDENTE



ANEXO I

ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER

1. FOMENTO DO EMPRENDEMENTO ASESORAMENTO E TORIZACIÓN PARA A CREACIÓN DE EMPRESAS

Servizo de orientación e acompañamento durante o proceso de creación da empresa, informando sobre os trámites, análise de viabilidade, financiamento, axudas públicas,... e en xeral todos os ámbitos nos que o/a emprendedor/a requirirá apoio para poñer en marcha a súa iniciativa empresarial.

Servizo de titorización do plan de empresa, poñendo ao dispor das persoas emprendedoras persoal que lle guiará e asesorará durante todo o proceso de desenvolvemento do plan.

Acompañamento técnico no inicio de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos e apoio a/aos promotores/as das empresas durante as primeiras etapas de funcionamento

Orzamento:

Deseño: 500 euros

Campaña de comunicación e difusión: 1.500 euros

Persoal dedicado a esta actividade: 18.000 euros

Custo total actividade: 20.000 euros

2. ACTIVIDADES FORMATIVAS

2.1. Formación específica para fomento do emprendemento e dinamización do rural. IMPULSO RURAL

Está previsto o desenvolvemento dunha acción formativa e de consultaría destinada á dinamización do rural, cós seguintes obxectivos:

- Impulsar a creación de novas empresas e o crecemento de empresas existentes en zonas rurais, potenciando o emprego novo e a retención de talento.
- Dotar a emprendedores e empresarios coas ferramentas e capacidades necesarias para impulsar os seus negocios no actual contexto económico.
- Potenciar estratexias de colaboración entre empresas que reforcen os seus modelos de negocio, o acceso aos recursos e o ecosistema empresarial local.
- Reforzar o desenvolvemento económico, apoiando sectores chave e empresas estratéxicas da zona.
- Xerar un impacto medible e sostible no desenvolvemento socio-económico a curto, medio e longo prazo.

Prevese un total de 10 proxectos de sectores estratéxicos (industria, turismo, agroalimentación, ...) e poderán participar ata 3 persoas por proxecto.

Estará dividida en 6 módulos formativos de 3 horas cada un e 2 módulos para consultaría de 6 horas a cada proxecto. Finalizará cunha exposición final dos proxectos.

O perfil das persoas participantes é o de profesionais, directivos e xerentes de empresas nas primeiras etapas de construción de proxectos empresariais no rural e profesionais, directivos e xerentes de empresas en fase de consolidación e crecemento.

O programa se desenvolverá cos seguintes módulos:



- Formación:

- Taller 1: Da oportunidade ao mercado
- Taller 2: Innovación de modelos de negocio
- Taller 3: Deseño de servizos na era dixital
- Taller 4: Estratexia de márketing e márketing dixital
- Taller 5: Ferramentas de xestión
- Taller 6: Estratexias de colaboración para o emprendemento

- Asesoramento:

